

PODCAST FLORENCIO DELGADO

TEMÁTICA: A cultura galega na diáspora de América

1	- Moi bo día radiooíntes! Aquí estamos noutro programa da radio Experimental.
2	- Nesta ocasión para xogar con Florencio Delgado e os seus poemas crioulos!
3	- Pero quen é Florencio Delgado?
4	- El foi poeta, articulista e sobre todo galego emigrado a México.
5	- Fai 35 que nos deixou, pero quedou a súa pegada.
6	- Tivo que marchar escondido nun barco, o Ipanema, na ditadura de Franco.
7	- Por aqueles tempos estaban prohibidas moitas cousas, entre elas falar ou ter libros en galego.
8	- Hoxe a moitos de vos, parécevos unha tolemia, máis daquelas caíanche paus polas cousas máis parvas. É o que teñen as ditaduras!
9	- E a de Franco durou 40 anos!
10	- Así que Florencio, deixou Galicia atrás e comezou unha nova vida en México.
11	- Pero achegouse a moitos outros galegos que coma el, amaban a súa lingua e fixeron moitas cousas lindas con ela.
12	- Na Radio Experimental, quixemos xogar con el e con todas as familias.
13	- E propuxemos a creación duns poemas que mesturan dúas linguas, a dun país que acolleu aos emigrantes e a nosa, a que nos da identidade.
14	- Pois si, e marcharon a moitos lugares: Brasil, Uruguai, Venezuela, Cuba, Arxentina, Estados Unidos...
15	- Despois de investigar e compartir verbas estás son unha pequena representación das nosas creacións e ás da nosa comunidade educativa.
16	- A xícara da miña avó

	<p>é tan antiga que virou po. Xícara é o pocillo do café e avó é avoa.</p>
17	<p>- A rula cantaba e o chocalho escoitaba.</p>
18	<p>- En Brasil chocalho significa axóuxere.</p>
19	<p>- Sssh, sssshhh</p>
20	<p>adormece o leito do río na matina da Arxentina.</p>
21	<p>- Matina como mañá.</p>
22	<p>- Abre as ás e voa papalote, papalote polos campos de elote. O papalote é a bolboreta e o elote a mazorca de millo.</p>
23	<p>- Sen querer ser chipocludo</p>
24	<p>- en San Andrés de Teixido eu quedei mudo.</p>
25	<p>- En México un chipocludo é unha persoa que sabe moito dun tema concreto.</p>
26	<p>- Vicheando polo Cerro cebei o mate e admirei o paisito.</p>
27	<p>- Uruguay ten moitas verbas.</p>
28	<p>- Vicheando é observar.</p>
29	<p>- O mate é unha infusión feita con herbas mate, que se toma nunha cabaza e cunha bombilla, unha especie de tubo para sorber o líquido.</p>
30	<p>- O paisito é como se lle di cariñosamente a Uruguai.</p>
31	<p>- Cando sae o indio e recollen os ajis</p>
32	<p>os fiñes xogan no río</p>

	e non pasan frío.
33	- A cuba chegamos, o indio é o sol,
34	- aji son os pementos que de seguro alí pican tan ben coma os nosos.
35	- Os fiñes son os pequenos e pequenas.
36	- Ao meu tío chachalaca gústalle alindar as vacas. Chachalaca significa parlanchín no Salvador.
37	- Na'guara! Fermosas as nosas praias azuis, frías, cristalinas chevere elas son!
38	- En Venezuela Na'guara é unha expresión de sorpresa
39	- e chévere quere dicir estupendo.
40	Rematamos con Estados Unidos.
41	- O verán é cool dentro do caparazón
42	dun caracol que te protexe do calor.
43	- Cool é divertido.
44	- Como foi xogar coas palabras, pois xogar coa linguaxe, coñecer novas verbas fainos ricos.
45	- Pois as palabras facilitan o diálogo, son grandes oportunidades para entendernos.
46	- Parabéns ás linguas que nos dan identidade!
47	- Ata a próxima na Radio Experimental!